




Friedrich
Glauser

chlumpf,
Erwin:
Homicidio
O sarxento Studer

Traducción de Laureano Araujo

EDICIÓN
laiovento
LAIOVENTO

Narrativa

Friedrich Glauser



O suízo Friedrich Glauser naceu en 1896. Foi un toxicómano incapacitado e endebedado de por vida, infrinxiu a lei repetidamente e tivo a miúdo comportamentos de dubidosa moralidade. Por mor diso estivo internado durante anos en institucións psiquiátricas e intentou suicidarse en varias ocasións. Enrolouse na Lexión Estranxeira e exerceu os máis inverosímiles oficios. Finou novo.

Glauser non foi un suízo arquetípico, nin foi un home feliz. Tiña unha vocación literaria invencíbel, pero só viu dúas novelas publicadas ao longo da súa errática vida. A primeira foi *Schlumpf, Erwin: Homicidio*. Glauser levaba máis de vinte anos escribindo contos, poemas, ensaios e recensións, pero non coñeceu o éxito até dous anos antes de morrer en Italia. O sarxento Studer é a súa gran creación.

Un que xa non quere participar

Co papo triplo e o nariz encarnado, o carcereiro rosmou algo que incluíu un «ai, que lería!» porque Studer o chamara interrompéndolle o xantar. Porén, Studer non deixaba de ser un sarxento detective da Policía Cantonal de Berna, conque non era posíbel coller e dicirlle que fose rañala.

Así que Liechti, o garda, se ergueu, encheu con viño tinto o seu vaso para a auga, baleirouno dun grolo, colleu un feixe de chaves e foi, el tamén, onda o preso Schlumpf, a quen o sarxento levara había apenas unha hora.

Corredores... Corredores escuros e longos... Os muros eran grosos. O castelo de Thun parecía construído para durar eternidades. O frío do inverno asentaba aínda por todas as partes, e custaba imaxinar que fóra pairaba un caloroso día de maio sobre o lago; que había persoas a pasear ao sol, despreocupadas; que outras se balanceaban en barcas na auga mentres o sol lles torraba a pel.

A porta da cela abriuse. Studer ficou un instante parado no limiar. Dous barrotes de ferro horizontais e dous verticais cruzaban a fiestra situada no alto. Víase o cume do teito dunha casa –con tellas vellas e negras–; por riba del ondeaba o ceo como un pano azul cegador.

Pero do barrote de ferro inferior había alguén colgando! O cinto de coiro estaba atado con forza e formaba un nó. Un corpo ladeado resaltaba escuro sobre a parede branqueada. Os pés, estrañamente revirados, descansaban sobre a cama. E na caluga do aforcado brillaba a fibela do cinto, porque un raio de sol daba nela desde arriba.

—Deus santo! —dixo Studer.

Precipitouse cara a diante, lanzouse sobre a cama –e a Liechti, o garda, sorprendeuno a axilidade daquel home que xa non era novo– e agarrou o corpo co brazo dereito mentres a man esquerda desataba o nó.

Studer xurou porque rompera unha uña. Despois baixou da cama e pousou con delicadeza o corpo exánime.

—Se non fôsedes tan condenadamente retrógrados —dixo Studer— e polo menos colocásedes arame nas fiestras, estas cousas non poderían pasar. Xa está! Agora corre, Liechti, e vai buscar o doutor!

—Vou, vou! —dixo, temoroso, o garda.

E saíu coxeando.

O primeiro que fixo o sarxento detective foi a respiración artificial. Foi como un reflexo. Algo que proviña da época en que participara nun curso de primeiros auxilios. E só despois de cinco minutos se lle ocorreu a Studer apoiar a orella sobre o peito do home tendido e escoitar se o corazón seguía a bater. Si, seguía a bater. Amodo. Soaba como o tictac dun reloxo ao cal ninguén se lembrara de lle dar corda. Studer seguiu a bombear cos brazos do home tendido. Por debaixo do queixo, de orella a orella, cruzaba unha banda encarnada.

—Pero home, Schlumpfñño! —dixo Studer en voz baixa.

Tirou do peto o pano da man, enxugou primeiro a propia fronte e despois pasou o pano pola cara do mozo. Unha cara de raparigo: nova, dúas engurras grosas por riba da ponte do nariz. Teimuda. E lívida.

Conque aquel era o Schlumpf, Erwin, detido aquela mañá nunha aldea da Alta Argovia. Schlumpf, Erwin, imputado polo homicidio de Witschi, Wendelin, comerciante e viaxente de Gerzenstein¹.

Que casualidade que chegase xusto a tempo! Había ao redor dunha hora que ingresara debidamente o Schlumpf no cárcere. Fora o garda do papo triplo quen asinara. Podía tran-

1 Nome ficticio. Alude con toda probabilidade ao concello bernés de Münsingen, e podería ser unha combinación entre Gerzensee (concello limítrofe co de Münsingen) e Geristein (lugar do concello de Bolligen, preto de Münsingen). Friedrich Glauser estivo varios anos internado na clínica psiquiátrica de Münsingen.

quilamente coller o tren a Berna e esquecer todo aquel asunto. Non era a primeira detención que practicara, nin sería a derradeira. Que fora o que lle provocara a necesidade de facerlle unha visita máis ao Schlumpf, Erwin? Casualidade?

Se cadra... E que era a casualidade, despois de todo...? Non podía negar que o destino do Schlumpf, Erwin, non lle era indiferente. Ou, máis exactamente: que ao Schlumpf, Erwin, lle collera cariño... Por que...? Studer, na cela, pasou un par de veces a palma da man pola caluga. Por que? Porque non tivera un fillo? Porque o detido clamara a súa inocencia durante toda a viaxe? Non. Todos eles eran inocentes. Pero os clamores do Schlumpf, Erwin, soaran sinceros. Aínda que...

Aínda que o caso, en realidade, estaba ben claro. O mércores pola mañá, nun bosque preto de Gerzenstein, o comerciante e viaxante Wendelin Witschi fora atopado boca abaixo cun orificio de bala detrás da orella dereita. Os petos do cadáver estaban baleiros... A muller da vítima afirmara que o seu home levaba consigo trescentos francos.

E no serán do mércores, Schlumpf cambiara no Hostal do Oso un billete de cen francos... O xoves pola mañá, o policía cantonal quixera detelo, pero Schlumpf fuxira.

E así fora, polo tanto, como, no serán do xoves, o capitán da policía pasara polo despacho do sarxento Studer:

—Studer, tes que saír á fresca. Mañá na mañanciña vas ir deter o Schlumpf, Erwin. Vaiche sentar ben. Estás a engordar demasiado...

Era certo, por desgraza... Si, o habitual era que para aquel tipo de detencións enviasen algún cabo. Tocáralle ao sarxento detective... Outra casualidade...? O destino...?

Sexa como for, dera co Schlumpf e colléralle cariño. Era un feito! E cos feitos, aínda que só se referisen aos sentimentos, había que apandar.

O Schlumpf! En absoluto unha persoa valiosa, iso seguro! Na Policía Cantonal coñecíano ben. Fillo ilexítimo. As

autoridades tiveran que ocuparse del case permanentemente. Seguro que o expediente no Departamento de Pobres pesaba polo menos quilo e medio. Historial? Raparigo colocado á forza ao servizo dun paisano.² Roubos. Pasaría fame? Quen podería comprobar algo así con posterioridade? Despois sucedeu o que sucede sempre nestes casos. Reformatorio de Tessenberg.³ Fuga. Roubo. Atrapado de novo. Malleiras. Finalmente posto en liberdade. Roubo con forza. Witzwil.⁴ Posto en liberdade. Roubo con forza. Tres anos en Thorberg⁵. Posto en liberdade. E despois: tranquilidade durante dous anos enteiros. O Schlumpf traballara en Gerzenstein, no viveiro Ellenberger. Soldo de sesenta céntimos á hora. Namorara dunha rapaza. Os dous querían casar. Casar! Studer bufou polo nariz. Casar, un mozo como aquel? E daquela sucedeu o homicidio do Wendelin Witschi...

Era sabido que o vello Ellenberger sentía predilección polos exconvictos á hora de contratar empregados para o seu viveiro. Non só porque eran man de obra barata, non. O Ellenberger parecía sentirse ben na súa compañía. En fin, até no mellor viño hai borras, e non se podía negar que os reincidentes se portaban moi ben onda o vello Ellenberger...

2 Os chamados *Verdingkinder* –termo só coñecido no alemán de Suíza– eran case sempre nenas e nenos orfos, fillos de parellas separadas, fillos ilexítimos ou pobres que eran entregados a terceiros, moi a miúdo a campesiños, para a súa manutención e educación a cambio dunha compensación económica. Na práctica servían como man de obra escrava e eran frecuentemente deshumanizados, humillados e maltratados (tamén sexualmente). Para as autoridades, a *Verdingung* –un procedemento meramente administrativo, moi habitual en cantóns como o de Berna– resultaba máis barata que o internamento en orfanatos ou en centros especiais. Este escuro capítulo da historia contemporánea de Suíza, que se prolongou até os anos setenta do século XX, con decenas de miles de vítimas (moitas das cales aínda viven e arrastran graves secuelas psicolóxicas), non foi obxecto dun debate público e científico en profundidade até comezos do século XXI. V. nota 35.

3 Correccional coñecido pola súa extrema crueldade, situado no Cantón de Berna.

4 Penal situado no Cantón de Berna onde Friedrich Glauser estivo internado e intentou suicidarse.

5 Penal do castelo de Thorberg, no Cantón de Berna.

E resultaba que, só porque cambiara un billete de cen francos no Oso no serán do mércores, o Schlumpf fora o autor do roubo con homicidio...? O mozo explicárao así: eran cartos aforrados que levaba consigo...

Parvadas...! Aforrados...? Cun soldo de sesenta céntimos á hora? Aquilo eran uns cento cincuenta francos ao mes... O alugueiro do cuarto, trinta... Comer? Para alguén que facía traballos pesados, dous francos cincuenta ao día, botando polo baixo. Setenta e cinco mais trinta son cento cinco. A bogada, cinco... Os pitos, o bar, o baile, cortar o pelo, o baño... No mellor dos casos, ao final do mes quedaban cinco francos. E supúñase que en dous anos aforrara trescentos francos? Imposíbel! E que levaba os cartos consigo? Psicoloxicamente impensábel. A xente así non pode levar cartos no peto sen desbaldilo... No banco? Se cadra. Pero así, simplemente na billeteira...?

E, con todo, o Schlumpf levaba consigo trescentos francos. Ou case. Dous billetes de cen e mais uns oitenta francos. Studer viu a acta de ingreso que asinara: «Moedeiro. Contido: 282,25 francos».

Así que... Todo cadraba! Mesmo o intento de fuga na estación do ferrocarril de Berna. Un intento de fuga ben estúpido! Infantil! E, con todo, tan comprensíbel...! Porque aquilo daba para a perpetua...

Studer abaneou a cabeza. E, con todo, con todo... Algo había naquel asunto que non cadraba. Primeiro foi só unha impresión, unha certa sensación de desagrado. E o sarxento detective tremeu naquela cela fría. E que pasaba, que o doutor tardaba en aparecer? E logo o Schlumpf non pensaba espertar en absoluto?

Unha profunda inspiración elevou o peito do home tendido, os ollos revirados colocáronse no seu sitio e Schlumpf fitou o sarxento. Studer recuou cun sobresalto.

Unha mirada desagradábel. E entón, Schlumpf abriu a boca e berrou. Un berro rouco. Horror, repulsión, medo,

espanto... Moitas cousas había naquel berro que non daba rematado.

—Cala! Queres calar? —murmurou Studer.

O corazón comezou a palpitarlle. Finalmente fixo o único que podía facer: puxo a man sobre a boca que berraba...

—Se calas —dixo o sarxento—, fico un bocado contigo e podes fumar un pito cando marche o doutor. Que me dis? Ao final aínda dei chegado a tempo...

E intentou sorrir.

Pero aquel sorriso non tivo ningún efecto contaxioso no Schlumpf. A mirada, certamente, tranquilizouse, pero cando Studer lle retirou a man da boca, Schlumpf dixo en voz baixa:

—Por que non me deixou colgado, sarxento?

Era difícil atopar unha resposta correcta para aquela pregunta! Despois de todo, non se metera a cura...

O silencio reinaba na cela. Fóra había pardais a chirlar. Abaixo, no patio, unha meniña cantaba cun fío de voz:

—Anxo pequeno meu,

ramallete de romeu,

vouche ser fiel para sempre, para sempre...

Daquela, Studer dixo (e a súa voz soou rouca):

—Oes, ti non me contaras que querías casar? Esa mocidade... vaite apoiar, non si? E se dis que es inocente, entón non está nada claro que te condenen. E supoño que entendes que un intento de suicidio é a parvada máis grande que puidiches facer, non si? Iso vancho interpretar como unha confesión...

—Non foi un intento, ho! Realmente, eu...

Pero Studer non necesitou contestar. Achegábanse pasos polo corredor, e o garda Liechti dixo:

—Está aí dentro, señor doutor.

—Estamos mellor? —preguntou o doutor mentres lle tomaba o pulso a Schlumpf—. Respiración artificial? Moi ben!

Studer ergueuse da cama e apoiouse contra a parede.

—Pois nada —dixo o doutor—. Que facemos con el? Autodestrutivo. Suicida! En fin, nada novo. Imos pedir un informe psiquiátrico... Non si?

—Señor doutor, non quero ir ao manicomio —dixo Schlumpf en voz alta e clara, e despois tusiú.

—E logo? Por que non? En fin, daquela poderíamos... Seguro que vostede ten unha cela para dous, Liechti, onde metermos este home para que non estea tan só... Pode ser? Moi ben...

Despois, en voz baixa, tal e como se murmura no teatro, todas as palabras clariñas:

—E este que fixo?

—O homicidio de Gerzenstein! —retrucou o garda, murmurando coa mesma claridade.

—Ah! Ah! —dixo o doutor abaneando a cabeza con preocupación; ou iso pareceu.

Schlumpf xirou a cabeza e mirou para onde se atopaba o sarxento. Studer sorriu e Schlumpf devolveulle o sorriso. Entendíanse.

—E quen vén sendo este señor? —preguntou o médico.

Os sorrisos daqueles dous azorábano.

Studer avanzou con tanta brusquidade que o doutor recuou un paso. O sarxento plantouse alí, envarado. A cara pálida, co nariz estrañamente fino, non daba casado con aquel corpo gordecho.

—Sarxento Studer, da Policía Cantonal!

Sooou rebelde e teimudo.

—Vaites, vaites! Encantado, encantado. E confiáronlle a vostede a investigación deste caso?

O médico louro intentaba recuperar a súa seguridade.

—Fun eu quen o detivo —dixo Studer concisamente—. Por certo: non me importa acompañalo un bocado, até que se tranquilice. Teño tempo. O seguinte tren para Berna non sae até as catro e media...

—Moi ben! —dixo o médico—. Fantástico! Fágao, sarxento. E este serán métame este home nunha cela para dous. Está claro, Liechti?

—Por suposto, señor doutor.

—Abur, señores —dixo o médico, e puxo o sombreiro.

Liechti preguntou se debía pechar. Cun xesto, Studer indicoulle que non. Seguramente as portas abertas eran o antídoto máis efectivo contra as psicoses carcerarias.

E o son dos pasos foi perdéndose no corredor.

Aparatosamente, Studer predeulle lume á cana de palla que tirara do Brissago⁶, puxo a chama baixo o extremo do cigarro e, tras esperar a que o fume abrollase por arriba, meteuno na boca.

Entón tirou do peto un paquetiño amarelo e dixo:

—Toma, colle un!

Schlumpf deulle ao pito unha primeira calada profunda, tragando o fume. Brillábanlle os ollos. Studer sentou na cama.

Que o sarxento era boa persoa, dixo o Schlumpf.

E Studer tivo que dominarse para reprimir unha sensación estraña na gorxa. Para desfacerse dela, bocexou sen parar.

—Moi ben, Schlumpfíño —dixo daquela—. E agora dime: por que quixeches acabar con todo?

Que non se podía coller e dicir daquela maneira, dixo o Schlumpf. Que xa non tiña gana de nada. E que xa sabía como funcionaba aquilo. Que unha vez detido, non había maneira de librarse. Que tiña antecedentes! E que aquilo ía dar para a perpetua... E que a mociña, aquela de quen falara o sarxento, seguro que tampouco ía querer esperar. Que sería ben parva se o facía.

Que quen era aquela mociña, logo.

Que se chamaba Sonja e era a filla do Witschi, a vítima.

Que se a Sonja cría que fora el quen o matara.

6 Os cigarros Brissago, fabricados no Cantón do Tesino, levan no seu interior unha cana de palla que se extrae antes de acendelos. Son máis baratos que os puros.

Que non o sabía. Que simplemente marchara, daquela, cando soubera que o acusaban a el.

Que como fora que sospeitaran precisamente del.

Que obviamente polo billete de cen francos que cambiara no León.

No León? Non fora no Oso?

Que tamén puidera ser no Oso. Si, claro, no Oso! Que o León era o bar fino, alí tocaran nunha ocasión...

—Que ocasión foi esa? E quen tocou?

—Nunha voda. O Buchegger tocou o clarinete, o Schreier o piano e o Bertel o contrabaixo. E eu o acordeón...

—Schreier? Buchegger? Eses... Eses coñézoos, ho!

Studer engurrou a fronte.

—Home non! —dixo o Schlumpf mentres se lle formaba un pequeno sorriso nas comisuras da boca—. O Buchegger falaba a miúdo de vostede, e o Schreier tamén. Vostede cachouno hai tres anos...

Studer riu. Vaites, vaites! Vello coñecidos! Conque se xuntaran nunha banda de música tradicional!

—Unha banda de música tradicional? —dixo Schlumpf facéndose o ofendido—. Non! Unha verdadeira banda de jazz! O Ellenberger, o noso xefe, mesmo nos puxo un nome inglés: The Convict Band! Que disque significa «a banda dos presos»...

O mozo Schlumpf parecía estar todo contento de falar de cousas secundarias. Pero cando se tocaba o homicidio, intentaba zafarse.

Studer estaba de acordo. Que o Schlumpf intentase escapulirse, se era iso o que lle petaba. Amodiño! As cousas acababan sucedendo por si mesmas; só hai que saber esperar...

—Así que tamén tocabades nas vilas veciñas?

—Por suposto!

—E pagábanvos ben?

—Moi ben...

Vacilación. Silencio.

—Mira, Schlumpfño, de verdade que te quero crer cando dis que non mataches o Witschi... para lle roubar a billeteira. Ti tiñas trescentos francos aforrados?

—Tiña. Uns aforros de trescentos...

Schlumpf alzou a vista cara á fiestra e suspirou, se cadra porque o ceo era tan azul...

—Así que querías casar coa filla da vítima? Chámase Sonja, non si? E os pais estaban de acordo?

—O pai estaba, si. O vello Witschi dixo que lle daba igual. Visitaba o Ellenberger a miúdo, e alí, a vítima, como di vostede, falaba comigo... Tíñame por un mozo formal. E dicía que, aínda que tiña antecedentes, aquilo non era un xuízo, e que cando a Sonja fose a miña muller, eu había deixar de facer parvadas. Que Sonja era unha mocinha formal... E entón, o meu superior prometeume o posto de xardineiro xefe, porque o Cottereau xa vai vello e eu son aplicado...

—Cottereau? Non é o que atopou o cadáver?

—É. Vai dar un paseo todas as mañás. O xefe déixalle facer o que quere. O Cottereau é do Xura, pero xa non se lle nota o acento romando. O mércores pola mañá chegou correndo ao viveiro e contou que no bosque estaba o Witschi tirado, que lle dispararan... Daquela, o xefe mandouno decontado ao posto do policía cantonal, para dar aviso.

—E ti que fixeches despois de que o Cottereau che dese a nova?

Que, home!, todos tiñan antecedentes e temían que a sospeita recaese sobre eles, dixo o Schlumpf. Pero que non sucedera nada durante todo o día, que ninguén pasara polo viveiro. Que o único que non se daba tranquilizado era o Cottereau, até que o xefe lle rifara e lle dixerá que se deixase de lerias...

—E o mércores no serán cambiaches os cen francos no Oso?

—Cambiei, si, o mércores no serán...

Silencio. Studer deixara o paquetiño de Parisiennes⁷ a carón del. Sen preguntar, Schlumpf colleu un pito. O sarxento deulle a caixa de mistos e dixo:

—Agacha as dúas cousas. Pero que non te pillen!

Schlumpf sorriu agradecido.

—Cando acabades a xornada no viveiro?

—Ás seis. Temos a xornada laboral de dez horas.

Daquela, Schlumpf engadiu con vehemencia:

—De feito, entendo de xardinaría. En Tessenberg, o capataz sempre dicía que tiña xeito. E gústame traballar...

—A min iso tanto me ten! —dixo Studer nun ton intencionadamente severo—. Cando acabou a xornada fuches para a vila, para o teu cuarto. Onde vivías?

—Na casa dos Hofmann, na rúa da Estación. Non lle vai ser difícil atopar a casa. A señora Hofmann era boa persoa... Teñen unha cestaría.

—Iso non me interesa! Fuches para o teu cuarto e aseáche. Despois fuches cear? Ou que?

—Fun.

—Entón: ás seis, fin da xornada.

Studer tirou un caderno de notas do peto e empezou a apuntar.

—Ás seis, fin da xornada; ás seis e media, sete menos cuarto, cea... —dixo, e alzou a vista—. Ceaches ás présas? Amodo? Tiñas fame?

—Non moita...

—Daquela ceaches ás présas e remataches ás sete...

Studer parecía fitar o seu caderno, pero os ollos movíanse. Observou a transformación nas faccións do Schlumpf e cortou a tensión cunha pregunta inocua:

7 Popular marca suíza de tabaco (que hoxe se chama Parisienne, sen s final).

—Canto pagabas pola cea?

—Un cincuenta. Sempre xantaba unha sopa na casa do Ellenberger, e levaba pan e queixo. O Ellenberger só pedía cincuenta céntimos polo prato de sopa, e a merenda dábanola de balde, porque o Ellenberger sempre se portou ben connosco, nós queríámolo ben, aburríanos cos seus discursos, parece un home vellísimo, está fanado, pero...

O orador dixo todo aquilo sen respirar, como se tivese medo de que o interrompesen. Pero Studer xa non quixo entrar nos detalles daquela cháchara.

—Que fixeches o mércores entre as sete e as oito do serán? —preguntou con severidade.

Sostiña o lapis entre o dedos finos e non alzaba a vista.

—Entre as seis e as sete?

Schlumpf respiraba con dificultade.

—Non, entre as sete e as oito. Ás sete remataches de cear, ás oito cambiaches no Oso un billete de cen francos. Quen che deu os trescentos francos?

E Studer fitou o mozo. Schlumpf xirou a cabeza e de repente deixouse caer para un lado e apertou os ollos contra a fosa do cóbado. Tremíalle o corpo.

Studer esperou. Non estaba descontento. Con letra pequena escribiu no seu caderno: «Sonja Witschi»; e tras aquelas palabras pintou un signo de interrogación grande. Despois, a voz suavizóuselle, e dixo:

—Schlumpfño, xa verás como arranxamos este asunto. Non che preguntei adrede o que fixeches o serán do martes, é dicir: o serán antes do homicidio. Sei que o único que farías sería mentirme. E ademais, seguro que está no sumario, e tamén llo podo preguntar á túa caseira... Pero dime unha cousa: que tipo de mocíña é a Sonja? É filla única?

Schlumpf levantou a cabeza de vez.

—Hai un irmán. O Armin!

—E o Armin non che cae ben?

Que nunha ocasión lle arreara ben na cachola, dixo Schlumpf e regañou os dentes, como un can a gruñir.

—Ao Armin non lle chistaba que estiveses coa irmá?

—Exacto. E tamén tiña sempre leas co pai. O Witschi queixábase del abondo...

—Vaites, vaites... E a nai?

—A vella sempre andaba a ler novelas... —«A vella», dixo o mozo irrespectuosamente—. É parente do alcalde Aeschbacher, que é quen lle conseguiu o quiosco da estación do ferrocarril de Gerzenstein. Alí sentaba sempre a ler, mentres o pai ía vendendo de casa en casa... Ou, máis que de casa en casa: ía por aí nunha «Zehnderli»⁸ como viaxante de cera para o chan, de café... De feito, atoparon a «Zehnderli» moi preto de alí, na beira da estrada...

—E onde estaba tirado o vello Witschi?

—A cen metros de alí, no bosque, polo que contou o Cottereau...

Studer debuxaba homiños no seu caderno. De súpeto, estaba moi lonxe de alí. Estaba na aldea da Alta Argovia onde detivera o mozo. Fora a nai quen lle abrira. Unha muller estraña, a nai do Schlumpf! Non se sorprendera en absoluto. Só preguntara:

—Pero vai ter tempo para almorzar?

Unha meniña en Gerzenstein, unha nai vella na Alta Argovia..., e, entre ambas, o mozo Schlumpf, imputado por homicidio...

Todo dependía de quen fose o xuíz de instrución que se fíxese cargo do caso... Habería que poder falar co home. Se cadra...

Achegábanse pasos. O garda Liechti apareceu na porta, e a cara encarnada brilláballe con malicia.

8 Diminutivo con que se coñecía popularmente a motocicleta lixeira da marca suíza Zehnder.

—Sarxento, o señor xuíz de instrución quere falar con vos-tede.

E Liechti esbozou un sorriso impertinente. Non era difícil adiviñar o significado daquel sorriso. Un detective excedérase nas súas competencias e invitábano a recibir a correspondente reprimenda...

—Abur, Schlumpfño! —dixo Studer—. E deixa de facer o parvo. Queres que saúde a Sonja da túa parte cando a vexa? Queres? Ben; igual volvo por aquí e che fago unha visita. Abur!

E mentres Studer avanzaba polos longos corredores do castelo, non foi quen de esquecer nin foi quen de interpretar a mirada con que Schlumpf o mirara mentres partía. Había nela asombro, si. Pero non había tamén nela un pouso de desoladora desesperación?

ÍNDICE

Un que xa non quere participar	7
O caso Wendelin Witschi, primeiro paso	21
Billar e <i>alcoholismus chronicus</i>	33
Felicitas Rose e Parker Duofold	44
Actividades comerciais, altofalantes, axente policial	51
Outro máis que xa non quere participar.....	57
Alúgase un cuarto	66
Interior da familia Witschi.....	73
O caso Wendelin Witschi, segundo paso	81
A impresión dixital do polgar	93
The Convict Band	102
O posto de tiro de Witschi.....	115
Anastasia Witschi, de solteira Mischle.....	121
Schwomm	127
Amor no xulgado	136
O caso Witschi, terceiro e penúltimo paso	151
O ladrón de coches.....	163
Visitas	169
Microscopia	177
O caso Wendelin Witschi, paso derradeiro.....	183
Escapada e fin	199
«Friedrich Glauser na sombra da Helvecia»	205